

Arbitraxe Campionatos Galegos 2022

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais e árbitros adxuntos nos **Campionatos Galegos 2022**.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para cada unha das categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	25 Febreiro / antes das 18:00 h.	27 Febreiro / pola tarde	Principal: 140 euros (*) Adxunto: 100 euros (*)
Sub-14 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	25 Febreiro / antes das 18:00 h.	01 Marzo / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)
Sub-18 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	25 Febreiro / antes das 18:00 h.	01 Marzo / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)
Sub-10 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	08 Abril / antes das 18:00 h.	11 Abril / pola tarde	Principal: 210 euros (*) Adxunto: 150 euros (*)
Sub-12 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	08 Abril / antes das 18:00 h.	11 Abril / pola tarde	Principal: 210 euros (*) Adxunto: 150 euros (*)
Sub-16 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	12 Abril / antes das 18:00 h.	16 Abril / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	12 Abril / antes das 18:00 h.	16 Abril / pola tarde	Principal: 280 euros (*) Adxunto: 200 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida:

- Para árbitro principal e adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior (*)

(*) Nas categorías onde se presente o informe valedeiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Árbitro Autonómico ou superior).

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hotéis oficiais en habitación dobre, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o 14 de Febreiro de 2022 (incluído).

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ao email fegaxa@fegaxa.org, a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis dunha categoría, ordenar por orden de preferencia.



Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2022](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

E as súas obrigas serán: ter actualizada a licenza Vega, a carga de datos de xogadores (tanto o árbitro principal coma o árbitro adxunto), comprobación do elo FIDE e FEDA, realización do informe valedeiro para ELO FIDE e FEDA (*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.

(*) Nos torneos valedeiros para ELO.

